



PRIMERO COLEXIADO: Pleno Corporativo.

Nº DE SESIÓN: 2 /2020

CARÁCTER: Extraordinario

## **ANUNCIO**

Con data 3 de marzo de 2020, o Sr.Alcalde ditou resolución do tenor literal que se indica:

### **"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO**

De acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización e Réxime xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- Convocar á sesión extraordinaria do Pleno Corporativo a celebrar o día 9 de marzo, ás 09:00 horas, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello motivada na necesidade de dar cumprimento ao recollido no Decreto 12/2020, do 10 de febreiro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións; a fin de resolver os puntos incluídos na seguinte

### **ORDE DO DÍA**

Asunto único.- Designación, mediante sorteo, dos membros das mesas electorais correspondentes ás Eleccións ao Parlamento de Galicia, que terán lugar o 5 de abril de 2020. Proposta de Alcaldía de data 3 de marzo de 2020.

SEGUNDO.- Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

TERCEIRO.- Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso."

O que se comunica para coñecemento e efectos.

Tui, o alcalde, Enrique Cabaleiro González.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

---

**Concello de Tui**

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



Cod. Validación: 6T7HL4HFJ95SN7AY5LE5MX9ED | Corrección: <https://concello.tui.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1